



Altamira

especial
100 números

Nº 100 - XULLO 2017 - ANO XXXI

REVISTA MUNICIPAL DO CONCELLO DE BRIÓN



XII edición dos Encontros coa Arte: creación e convivencia artística

Cultura

Resumo das actividades culturais que se celebraron no concello durante os pasados meses

PÁXs. 16 - 17

Especial Nº 100

Os "pais" da Revista Municipal Altamira repasan polo miúdo os 100 números de vida desta publicación

PÁXs. 10 - 13



os nosos enderezos

BIBLIOTECA MUNICIPAL

Carballeira de Santa Minia, nº 2
15865 - Brión
Tel./Fax.: 981 50 99 69

CASA DA CULTURA

Carballeira de Santa Minia, nº 5
15865 - Brión
Tel.: 981 50 99 08

CASA DO CONCELLO

Praza do Concello, nº 1
15865 - Brión
Tel.: 981 88 70 06
Fax.: 981 88 74 31

CEIP PEDROUZOS

Rúa Paseo de Pedrouzos, nº 5
15865 - Brión
NOVO Tel.: 881 866 078
NOVO Fax.: 881 866 086

CENTRO DE SAUDE

Rúa das Pedriñas, nº 3
15865 - Brión
Tel. Liña 1: 981 88 77 01
Tel. Liña 2: 981 88 77 02

CENTRO SOCIAL POLIVALENTE

Avda. de Santa Minia, nº 46
15865 - Brión
Tel.: 981 50 99 10
Fax.: 981 50 99 78

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

Agro Novo, nº 125
15280 - Os Anxeles
Tel.: 981 88 77 42

ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

Avda. de Santa Minia, nº 70
15865 - Brión
Tel.: 981 50 99 03

FARMACIA ALVAREZ ALVAREZ, E.

Avda. dos Anxeles, nº 36
15280 - Os Anxeles
Tel.: 981 88 72 01

FARMACIA BASTAVALES BRIÓN

Lg. Sabaxáns, Nº 57
15280 - Bastavales
Tel.: 981 88 88 36

FARMACIA NUÑEZ PEREZ, B.

Avda. Santa Minia, Nº 53
15865 - Brión
Tel.: 981 88 70 30

GARDA CIVIL

Rúa das Pedriñas, nº 5
15865 - Brión
Tel.: 981 88 70 11

IES BRIÓN

Rúa Paseo de Pedrouzos, nº 3
15856 - Brión
NOVO TEL.: 881 866 058
NOVO FAX.: 881 866 074

OFICINA DE URBANISMO

Praza do Concello, nº 1
15865 - Brión
Tel.: 981 88 70 06
Fax.: 981 88 74 31

PISCINA CUBERTA MUNICIPAL

Lamiño, s/n
15865 - Brión
Tel.: 981 88 73 46

POLICÍA LOCAL

Carballeira de Santa Minia, nº 2
15865 - Brión
Tel.: 981 89 34 74
Fax.: 981 88 74 31

POLIDEPORTIVO MUNICIPAL

Lamiño, s/n
15865 - Brión
Tel.: 981 88 76 53

SERVIZO DE AUGAS

Urb. Agro Novo, nº 126 Baixo
15280 - Os Anxeles
Tel.: 981 88 78 51

SERVIZO DE EMERXENCIAS

Lamiño, s/n
15865 - Brión
Tel.: 629 87 15 42
Fax.: 981 88 75 23

XULGADO DE PAZ

Rúa das Pedriñas, nº 5
15865 - Brión
Tel.: 981 88 72 71

Edita:
Concello de Brión
Redacción, deseño e maquetación:
Concello de Brión e Nós Comunicación
Fotos:
Arquivo Municipal e Nós Comunicación
Imprime:
Artes Gráficas Alonso
Mail:
revistaaltamira@infobrión.com

Altamira

Revista Municipal do Concello de Brión

DEPÓSITO LEGAL: C-827-85



José Luís García García

Alcalde do
Concello de Brión

AVANCE

É unha gran honra para min presentar este número da Revista Altamira por dous motivos:

O primeiro é pola gran cantidade de boas novas que recolle. Novas tan importantes como a cesión do centro de saúde ao Sergas, o 20 aniversario da Banda Municipal de Brión ou os novos premios e logros dos estudantes brioneses, entre outras.

O segundo, e se cabe o mais especial para min e para todos e todas os/as brioneses/as, é que a nosa revista ven de cumprir 100 números. Este fito, que pode pasar desapercibido, ten unha especial repercusión pois somos das publicacións mais lonxevas de todo Galicia. Nas páxinas centrais deste número recollense as principais vivencias dende os primeiros consellos de redacción ata a actualidade. Sen mais, parabéns... e imos a por outros 100 números.

Esperando que desfrutes da súa lectura.
Recibe un cordial saúdo.

contidos

PÁX. 3	ACTUALIDADE
PÁXs. 4 - 5	REPORTAXE
PÁXs. 6 - 9	ACTUALIDADE
PÁXs. 10 - 13	ESPECIAL 100 NÚMEROS
PÁXs. 14 - 15	SERVIZOS SOCIAIS
PÁXs. 16 - 20	CULTURA E DEPORTES
PÁX. 21	HISTORIAS DE BRIÓN
PÁX. 22	TAMÉN FOI NOTICIA
PÁX. 23	PASATEMPOS / HUMOR



CESIÓN DEFINITIVA DO CENTRO DE SAÚDE

O mantemento do centro de saúde de Brión xa é responsabilidade do Sergas

A xerente da Área Sanitaria de Santiago e o alcalde brionés visitaron as instalacións para axilizar o traspaso



O Sergas asume dende estes meses de xullo a titularidade do centro de saúde de Brión. Así o confirmou a xerente de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, Eloína Nuñez Masid, ao alcalde de Brión, José Luis García, logo dunha visita ás instalacións do centro brionés e tras manter sendas reunións tanto co equipo médico do centro de saúde como cos técnicos municipais.

O alcalde celebra o anuncio pois "é un acto de xustiza que levou demasiado tempo, xa que era unha discriminación

que outros concellos non tiveran que custear o mantemento dos seus centros de saúde e Brión si, sobre todo cando os informes técnicos din que os problemas de humidades se deben a unha incorrecta execución da cuberta do edificio, polo que dende o principio é a Xunta quen debe acometer ese arranxo". O alcalde explicoulle á representante do Sergas que o inmoble presenta graves problemas de humidades, sobre todo na zona norte, que se reproducen cada vez que chove, tal e como puideron comprobar sobre o terreo.

José Luis García indicoulle que o Concello fixo actuacións de mantemento de xeito periódico, pero que o problema principal radica na cuberta. Así mesmo, explicoulles que técnicos da Consellería de Sanidade xa visitaran o inmoble e mesmo fixeran un proxecto para arranxar a cuberta do centro de saúde, xa que o cano interior para o desague das pluviais non ten a pendente necesaria para evacuar a auga, polo que queda retida na cuberta da edificación, e tampouco ten a altura precisa para resultar efectivo.

FALLOS ESTRUCTURAIS

Pola súa banda, Eloína Nuñez, xerente de Xestión Integrada de Santiago de Compostela, explicou que "o obxectivo desta visita era establecer os contactos necesarios co Concello de Brión para ver as deficiencias que hai no centro de saúde e así poder poder facer o traspaso da maneira máis eficiente e sen que ningún paciente se dea conta do cambio. Ademais, reuniremonos co persoal do centro médico para que nos coñezan, ver as súas metodoloxías de traballo, explicarlles os nosos obxectivos...". Tras visitar o centro de saúde brionés, Nuñez Masid apuntou que "ten os seus pequenos fallos estruturais que hai que solucionar pero está ben dividido e estruturado, é luminoso e dos máis bonitos e funcionais que temos visto".

A xerente da Área Sanitaria de Santiago estivo acompañada por gran parte do seu equipo directivo na Xestión Integrada de Santiago: Antonio Álvarez, director de Procesos Asistenciais; María José López Rebollo, directora de Recursos Económicos; Sinda Blanco, directora Médica de Atención Primaria; Montserrat Souto, subdirectora Médica de Atención Primaria; María José Campos, xefa de servizo de Hostalería e Servizos Xerais; e José Manuel Fernández, subdirector de Recursos Económicos.







BANDA DE MÚSICA DE BRIÓN

20 ANIVERSARIO
23 DE XULLO DE 2017

CARBALLEIRA DE SANTA MINIA










12H _CONCERTO DA BANDA DE MÚSICA DE BRIÓN

14H _COMIDA CELEBRACIÓN

_ACTUACIÓN DUN DUO MUSICAL

_CANTINA

TICKETS A VENDA ATA O SÁBADO 15 DE XULLO EN:

BAR PARAÍSO (EBRIÓN)
CASA RUSO (ONS)
BAR BECERRA (VILAR)
BAR RUFINO (PONTEMACEIRA)
BAR CASA ISORNA (BASTAVALES)
LIBRERÍA MAINORNEN (BERTAMIRÁNS)
PELUQUERÍA MANUEL PATO MAGARIÑO (BERTAMIRÁNS)

COLABORACIÓN INSTRUMENTAL





Concello de Brión
www.concellobrión.com

MAIS INFO:
TL. 650 53 70 70
FACEBOOK.COM/BANDADEBRIÓN



20 ANIVERSARIO

Vinte aniversario da Banda Municipal de Brión: unha familia que...

“A Banda Municipal de Brión naceu máis que nada pola grande afección á música e á tradición que existe neste concello, que parte fundamentalmente da existencia dunha antiga banda na parroquia da Luaña e da que os seus compoñentes se puxeron en contacto comigo para que me fixera cargo dela. Aceptei o compromiso baixo a condición de que se creara unha escola de música municipal para poder ir facendo canteira e así garantiza-lo futuro da banda. Con estas premisas e a grande adicación e entusiasmo de todos teño que dicir que, en tan pouco tempo, obtivemos resultados óptimos e conqerido un nivel musical máis que aceptable que quedou patente nas diversas actuacións nas que intervi-mos”.

anos e pronunciadas por Ricardo Noya Vidal, que en 1997 se fixo cargo da dirección da Banda de Música de Brión a proposta de Leonardo López Bargo, quen meses antes se encargara de poñer en marcha o proxecto.

Nos seus inicios a banda funcionaba con 28 músicos de idades que oscilaban entre os 12 e os 70 anos!!! “Tanto os xoves como os maiores intégranse perfectamente, cousa que non ocorre noutros sitios onde a xuventude non respecta aos maiores”, lembraba Noya Vidal, quen salientaba que “os xoves saben que o que realmente importa é o resultado final de todo o conxunto e, por tanto, a idade non ten nada que ver na interpretación musical, salvo os anos de experiencia no manexo dun instrumento. E neso, dos maiores poden aprender moito”.

Son palabras publicadas nestas mesmas páxinas hai 20





Banda de Música de Brión que volve tocar xunta

Na actualidade, a Banda de Música de Brión está composta por 43 músicos. “Chegamos a ser 53”, lembra o director actual, Jorge Rey, quen destaca que eventos como o que imos vivir este 23 de xullo demostran que “a Banda de Música de Brión é unha gran familia”. A Carballeira de Santa Minia converterase no mellor escenario do mundo polo que “pasará moita xente. Chamamos a todos cantos pasaron pola banda e agardamos xuntar a máis de 100 músicos e facer con eles un concerto en plan familiar, recordando os bos tempos”, apunta Rey Barca.

O segundo director da Banda, que tomou o relevo de Ricardo Noya en 2005, lembra que “pasaron moitos músicos pola banda, moitas xeracións. Algúns faleceron, con outros perdemos o contacto pero penso que vai ser algo moi especial cando nos xuntemos todos para

tocar xuntos outra vez, porque cónstame que algún non volveu coller un instrumento en 15 anos. Pero vai ser algo moi bonito e moi emotivo”.

Como coinciden os seus dous directores, a Banda é unha pequena familia, pero a gran familia que é Brión tamén está convidada a este 20 aniversario. O acto estará aberto a toda a veciñanza, que a partir das 12:00 horas poderá asistir a un concerto da Banda de Música de Brión. Despois, ás 14:00 horas terá lugar un xantar de confraternidade, para o que se poden mercar as entradas en: Bar Paraíso (Brión), Casa Ruso (Ons), Bar Becerra (Vilar), Bar Rufino (Pontemaceira), Bar Casa Isolina (Bastavales), Librería Mainomen e Peluquería Manuel Pato Magariños (Bertamiráns). Agardámose na Carballeira porque, como dicía Nietzsche, “a vida sen música sería un erro”.



Entrevista

RICARDO NOYA VIDAL Director da Banda municipal de Brión

RICARDO NOYA VIDAL, aínda que a súa vida levouno por destinos moi apartados uns dos outros, sempre foi seguindo a mesma senda da súa vocación: a da música. E, esa mesma senda atópase hoxe en Brión como director da Banda municipal que se constituiu no pasado mes de outubro e que tivo a súa presentación pública no mes de marzo deste ano na que tiveron unha grande acollida, xa conia no seu haber coa realización de varios concertos.

Está casado e ten tres fillos e dos seus setenta anos conserva unha grande vitalidade e lucidez; polo que aborda a súa labor de director da banda de Brión así como de profesor da escola municipal de música co mesmo entusiasmo que cando comezou a súa vida profesional adicando numerosas horas a este novo labor.

Para situar un pouco a súa biografía, podería dicirnos de onde é natural vostede?

Pos, aínda que nacín no concello de Trazo, sendo moi pequeno a miña familia trasladouse á lugar de Piterio na parroquia de Vilcastro, polo que me considero de Santiago a onde me desplazaba andando para cursar os meus primeiros estudos.

Falecos un pouco de como naceu en vostede a afición pola música.

A vocación musical naceu en máis curiosamente, sen ter na miña familia ningún antecedente de músicos profesionais. Nun principio, o cura e o mestre de Villistro, onde me críei de pequeno, querían que fose sacerdote pero, hai que dicilo, non puxen moito interese. Sen embargo, lembrome que sendo moi novo entusiasticamente os concertos que no alameda daba a banda municipal de Santiago, polo que divín os meus pasos cara o que máis me atraía: a música.

Peró naqueles tempos seguían os estudos musicais era bastante difícil sobre todo para un neno de orixe rural como vostede, como puido realizarlo e logo triunfar na vida?

O primeiro, sendo moi chaval, recibín as miñas primeiras clases de música do xefe José Gutiérrez, por aquel entón director da banda municipal de Santiago. Logo, como meu pai estivo moitos anos emigrado na Arxentina, puíden ir a Madrid e residir alí no Conservatorio que gozaba dun grande prestixio. O emalia-los meus estudos no conservatorio, sendo moi novo, preparei as oposicións para ingresar no exército no Corpo de Músicos Militares sendo destinado como sarxento no Ministerio do Exército en Madrid. Posteriormente, coincidindo co meu ascenso a brigada, fun destinado á banda militar de Ceuta onde estiven destinado ata o meu retiro do exército.

Peró, aparte da súa trayectoria profesional como músico militar, sabemos que artisticamente tivo outras moitas facetas musicais.

Efectivamente, en Madrid fun tamén músico titular do teatro da Zarzuela e do teatro da Latina onde actuaba Lina Morgan e Navarro. Así mesmo participei nos Festivais de España nos que percorríamos toda a península coa orquestra. Estando destinado en Ceuta onde cheguei a ser o subdirector da banda militar, obtiven a praza titular de solista no conservatorio e tamén fun director dunha coral. De retorno a Galicia, durante 10 anos, dirixín a banda municipal de Padrón e,

“Sintemo moi satisfeito da miña carreira como músico pois despois de estar dous anos na banda de Santiago, funme para Madrid e, ás 22 anos, saquei a praza de sarxento do Corpo de Músicos do Exército e despois saquei o N°1 para a praza de brigada”

BRIONESES

Jorge Rey, director da Banda Municipal de Música de Brión

“Queremos gravar o noso terceiro disco e facer cousas que motiven aos rapaces”

Jorge Rey Barca, director da Banda Municipal de Brión desde setembro de 2005, comezou no mundo da música dende moi novo seguindo o exemplo de compañeiros seus na Banda de música de Negreira, onde estivo os primeiros anos. A finais de 2004, e tras facer os últimos cursos superiores de trompeta no Conservatorio, chegou á Banda Municipal de Brión, dende onde tamén se sumou ao proxecto da escola de música da man do seu bo amigo Carlos Pintor. Toda esta experiencia fai que queira darlle un novo rumbo á Banda Municipal de Brión. “Se estes fosemos o mesmo, tras facer os últimos cursos superiores de trompeta no Conservatorio, chegou á Banda Municipal de Brión, dende onde tamén se sumou ao proxecto da escola de música da man do seu bo amigo Carlos Pintor. Toda esta experiencia fai que queira darlle un novo rumbo á Banda Municipal de Brión. “Se estes fosemos o mesmo, tras facer os últimos cursos superiores de trompeta no Conservatorio,

“Cada vez noto que á xente lle gusta máis e queren vir aos nosos concertos”

Como xurdiu a idea destes concertos especiais polo 10º aniversario da escola?

Son moitos anos traballando e decidimos que era o momento de facer algo especial. Por iso decidimos facer os concertos que chamamos a atención dos veciños e que dixeran que estamos aquí.

E como valorades a resposta da veciñanza?

Moi boa e cada vez noto que á xente lle gusta máis e queren vir. Nos primeiros anos víñen só os pais e máis dos netos, pero agora os concertos están cheos de xente. O Concerto de Nadal foi xa un caso aparte, pois había tanta xente fóra coma dentro. Sempre fomos o círculo de que cada neno traerá dous familiares, pero desta vez víñeron os pais, os avós, os primos... e iso que non actuaron todos os alumnos de escola.

Que foi o máis complicado destes dez anos?

Máis complicado foi chegar onde estamos. Eu vin para axudar na banda municipal e foi Carlos Pintor quen me implicou na escola. O máis duro foi chegar ao nivel no que estamos, coa xente satisfeita coa formación que recibe.

Que foi o que marcou un antes e un despois na escola?

O novo local foi un punto. Anos atrás traballabamos en locais pequenos, en diferentes edificios... non tiñas a sensación de escola, senón dunhas clases aquí e outras alí. Agora temos unha escola de música o que nos permite traballar dunha forma moi diferente.

Falemos da Banda Municipal, setecentas novas espazos de actuación a maiores dos tradicionais concertos.

Como é que aos músicos dunha banda se lles dá por meterse no teatro?

É algo diferente, como de música ambiental para un contacortos. Os ensaios foron durísimos pero despois vimos que encaixaban perfectamente no teatro. Ao principio refloramos moito medo pero foi unha experiencia moi boa.

Este ano estamos pensando en facer algo moi peculiar. Levo moitos anos tocando en bandas e sei que se sempre se está facendo o mesmo se perde nivel, e cousas como estas motívan aos integrantes da banda.

Por último, como é a relación da banda de Brión con outros da contorna tras o traballo proxecto con Louisane e Outes?

Para min foi unha experiencia moi boa. Falemos intercambios con Granada, Almería, Portugal e Irún. Pero supoñía un dobre traballo e todo equivo dou unha boa relación entre todos as bandas. Incluso chegamos a tocar no Auditorio de Galicia, que para nós foi grandísimo.

“A Banda de Música de Brión está crescendo moito. Buscamos cousas alternativas, como colaborar nun espectáculo folclórico”

Revista Altamira | 13

A Banda de Música de Brión, na Altamira

A presenza da Banda de Brión na Altamira é constante, dende aquel número de xullo de 1997 no que Ricardo Noya Vidal nos explicaba o por que do nacemento da banda ata un recente abril de 2014, no que Jorge Rey nos falaba do outro aniversario: o da Escola de Música. Os dous directores da banda, protagonistas da sección de entrevista.

OBRAS

O inicio da construción da senda peonil e ciclista entre as aldeas de Buio e Gundín atrásase a setembro

A Xunta adxudicou as obras por 253.199 euros á empresa Lancer Proyectos y Obras SA, que disporá dun prazo de seis meses para levalas a cabo

A Xunta de Galicia vén de adxudicar as obras da construción da senda peonil e ciclista entre as aldeas de Buio e Gundín á empresa Lancer Proyectos y Obras SA por 253.199 euros. Unhas obras que finalmente non darán comezo este verán, como anunciara a conselleira de Infraestruturas, Ethel Vázquez, senón ao longo do vindeiro mes de setembro. Deste xeito, e tendo en conta que os traballos contan cun prazo de execución de seis meses, haberá que agardar ata o 2018 para poder empregar esta nova infraestrutura.



Antes será preciso facer expropiacións en once fincas polas que pasa este itinerario: un total de 710 metros na marxe dereita da AC-543, que conectará as beirarrúas da aldea de Gundín (PK 10+870)

A senda peonil e ciclista discorrerá pola marxe dereita da estrada

coas de Buio (PK 10+160), moi preto da glorieta da urbanización Monte Devesa. A obra consistirá nunha senda de 1,8 metros de ancho separada da calzada da estrada por

unha zona axardinada de 0,9 metros de ancho. Ademais, construíranse dous muros de contención e recollida de augas pluviais. Esta senda dará continuidade á que se está

construíndo dende Santiago, de xeito que cando todos os tramos estean rematados será posible chegar a Compostela dende Gundín por beirarrúa ou senda peonil.

SOLIDARIEDADE

Un novo xesto de solidariedade: a veciñanza de Brión doa máis de 3,5 toneladas de roupa usada para fins sociais

Un total de 3.589 quilos de roupa usada en Brión durante o primeiro semestre de 2017, un 1,76% máis con respecto ao mesmo período do ano pasado. A reutilización e reciclaxe desta roupa evitou a emisión á nosa atmosfera de 11 toneladas de CO2.

Estas son cifras que manexa Humana, Fundación Pueblo para Pueblo, unha organización fundada no 1987 e que recolle e prepara para a reutilización a roupa usada que recolle nos seus contenedores para, posteriormente, desenvolver programas de cooperación en España,

África, América Latina e Asia. Pero máis aló dos fríos números está a solidariedade dos veciños e veciñas de Brión, que cada ano incrementan as súas achegas de roupa, calzado, complementos e téxtiles do fogar que xa non utilizan e que depositan no contenedor que Humana dispón entre o centro de saúde e o local da banda de música para darlles unha segunda vida.

Así mesmo, lembramos que o Concello de Brión tamén mantén durante todo o ano o programa Brión Solidario, no que tamén se pode



O contenedor de Humana está emprazado entre o centro de saúde e o local da banda de música

colaborar con roupa, calzado, libros e todo tipo de enseres que solicitan as familias máis necesitadas do municipio. Un programa que se xestiona

de forma totalmente anónima dende os Servizos Sociais e no que che animamos a colaborar. Infórmate no teléfono: 981 509 910).

FOMENTO DO EMPREGO

Brión incorpora a 15 traballadores para obras e mantemento de instalacións

Prestarán os seus servizos a xornada completa ata finais de 2017



A Brigada Municipal de Obras foi, e é agardamos que siga sendo un motivo de orgullo para Brión. Poucos municipios teñen á súa disposición a posibilidade de acometer con medios propios as obras que financian a Deputación ou a Xunta de Galicia, o que permite conseguir aforros de entre o 20 e o 30% e, polo tanto, facer máis obras cos mesmos cartos. Algo que os veciños e veciñas de Brión puideron comprobar ao longo de moitos anos.

Durante a crise o Goberno aprobaba a Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, máis coñecida como "Lei Montoro". Sobre o papel, o Goberno buscaba garantir un control financeiro e orzamentario máis rigoroso nas Administracións Públicas ao tempo que favorecía a iniciativa privada. Na realidade, supuxo un recorte competencial sen precedentes, un grave

ataque á autonomía municipal e, o que aínda é moito peor, un importante retroceso nos servizos que os concellos lles prestan aos seus veciños.

Isto é así porque baixo esa lei todos os Concellos eran tratados de igual maneira. Daba igual que fose un dos máis endebedados, como Valencia ou Madrid, ou que tivera unhas contas saneadas, como o caso de Brión. Baste un dato: o Concello de Brión ten a día de hoxe un superávit de case 1,5 millóns de euros. Uns cartos que están inmovilizados e non se poden utilizar para nada.

Mais ese afán por reducir a área do público para favorecer a iniciativa privada plasmouse na prohibición de contratar persoal por parte das administracións locais e en moitas dificultades para poder substituír a aqueles traballadores que se xubilan. O mundo ao revés:

cando o paro é o problema número 1 deste país, resulta que os municipios teñen prohibido contratar. E no caso de Brión iso afectou de cheo á Brigada Municipal de Obras.


Como puidedes ler en números anteriores, moitos dos integrantes desta brigada eran da mesma quinta, polo que a cascada de xubilacións foi continua nos últimos meses, ata deixar a brigada baixo mínimos e redundando iso no servizo que se lle prestaba ao veciño. Mais este mes de xullo chega cunha luz de esperanza e coa incorporación de ata 15 traballadores e traballadoras para a execución de diferentes obras públicas, mantemento de instalacións e estradas do municipio e prestación de servizos mínimos.

Trátase de dous condutores, cinco peóns de obras e dous albaneis contratados polo Concello a xornada completa ata o 31 de decembro de 2017. Uns traballadores aos que hai que engadir os seis peóns de obras e limpeza viaria que se incorporan durante 4,5 meses procedentes do Programa de Integración Laboral da Deputación da Coruña. Estes quinze obreiros permitirán que se desenvolva con normalidade os tradicionais programas de bacheo e conservación de pistas municipais que adoitan acometerse durante o verán.

A novena edición do InerAmes-Brión acadou un 46,7% de insercións laborais

A novena edición do programa integrado para o emprego InerAmes-Brión acadou entre setembro de 2016 e maio de 2017 a inserción laboral de 28 das 60 persoas participantes, o que supón unha porcentaxe do 46,7%. Uns datos que amosan o bo funcionamento desta iniciativa, posta en marcha polos Concellos de Brión e Ames para achegar o mercado laboral aos desempregados menores de 30 anos e con baixa cualificación. Un programa que conta cunha achega da Consellería de Economía, Emprego e Industria e do que se benefician directamente sesenta alumnos e alumnas, que contan co apoio de 2 titores/as.

O curso rematará este mesmo mes de xullo, coa impartición dun curso de inglés de 40 horas lectivas. Ao mesmo tempo, continuaránse realizando obradoiros de busca activa de emprego, titorías individuais, prospección de empresas da contorna, intermediación, prácticas non laborais, asesoramento para o autoemprego, etc que permitan aumentar nestes últimos días a porcentaxe final de alumnos e alumnas que conseguen atopar un posto de traballo.



Pirotecnia LÓPEZ, S.L.®

Lg. Guitiande, 43 - Os Ánxeles. 15280 BRIÓN (A Coruña)
Teléfonos: 981.887.278 - 630.916.281
info@pirotecnialopez.com - FAX: 981.509.979
Novas Instalacións. Monte Cubelas - Vicoso



ADRIÁN GARCÍA ABOGADOS

ASESORAMENTO XURÍDICO E DEFENSA LETRADA
A EMPRESAS & PARTICULARES

- ACCIDENTES DE TRÁFICO
- RECLAMACIÓN A ASEGURADORAS E BANCOS
- SEPARACIÓN E DIVORCIOS
- HERENCIAS E TESTAMENTOS
- SUCESIÓN E PARTICIÓN
- RECLAMACIÓN DE DÉBIDAS
- CONTRATOS
- DESPIDOS E INDEMNIZACIÓNS
- RECLAMACIÓN DE SALARIOS
- INCAPACIDADES E DISCAPACIDADES
- ACCIDENTES DE TRABALLO
- DEREITO PENAL
- RECLAMACIÓN FRENTE Á ADMINISTRACIÓN
- XURISDICCIÓN CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

www.adriangarciaabogados.es

T. 981 887 117

AVDA. DE NOIA, Nº 56 - BAIXO · OS ÁNXELES · BRIÓN

CEIP DE PEDROUZOS

Brión solicitará a ampliación do CEIP de Pedrouzos

Un informe da dirección do colexio alerta de que tres niveis educativos superarán a ratio de 25 alumnos/as por aula en 2017/8



Semella unha paradoxa pero no contexto dunha Galicia na que o despoboamento e o envellecemento da poboación se presenta como un dos maiores problemas do futuro máis inmediato, en Brión resulta que a problemática é que temos demasiados nenos e as instalacións educativas, por moito que sexan de recente creación ou renovación, comezan a quedar pequenas. Así cando menos o asegura o “Informe sobre a escolarización de alumnado de infantil e primaria. Concello de Brión. Curso Escolar 2017/2018”, elaborado pola dirección do CEIP de Pedrouzos e presentado no pleno municipal de xuño.

Este informe recolle a evolución da matrícula nos distintos centros educativos do municipio en ensino infantil e primario dende o ano 2008. Deses datos despréndese que no curso escolar 2017/2018, que dará comezo o próximo mes de setembro, tres niveis educativos de Primaria (1º, 3º e 4º) superarán a ratio de 25 alumnos/as por aula. Isto suporía infrinxir o establecido no artigo 157.1a da Lei Orgánica de Educación que establece “un número máximo de alumnos de por aula que na ensi-

nanza obrigatoria será de 25 para a educación primaria e de 30 para a educación secundaria obrigatoria”.

Pero a cousa non queda aí, xa que a previsión para os anos seguintes apuntan a ratios de 26, 27 ou 28 alumnos/as por aula. Un exemplo: para o curso 2018/2019 pasarán das escolas de infantil a 1º de Primaria un total de 79 nenos e nenas, aos que hai que sumar novas incorporacións procedentes do proceso de admisión. “Elo implicará probablemente masificar progresivamente o centro e un deterioro considerable na calidade da ensinanza”, advirte este informe. E iso que o CEIP de Pedrouzos conta con 3 liñas na Educación Primaria.

Unha preocupante situación da que deu conta ao Pleno municipal de Brión o alcalde José Luís García, quen salienta que “para o ano que vén fará falta unha liña máis en primaria, o que nos levará a ter que ampliar o colexio. Terreo hai, polo que acordamos iniciar os trámites para solicitar a ampliación do CEIP de Pedrouzos”. Unha proposta da Alcaldía que foi respaldada por todos e cada un dos grupos políticos municipais.

Unha petición xusta, polas necesidades educativas do centro e o que establece a propia lexislación vixente, pero que probablemente se atope coa realidade dos recortes no ensino. E é que nun contexto no que dende a Xunta de Galicia se están a pechar colexios (como acontece nestas últimas semanas en O Porriño, Ribadavia, As Pontes ou Outes), pensar que esa mesma Administración vai afrontar a ampliación doutro centro escolar é un pouco pecar de optimismo. Sobre todo cando un ve o que aconteceu nun centro tan próximo como o Emilio Navasqües de Outes, construído no

seu día con cartos enviados polos emigrantes da contorna, e que anunciou que pechaba as súas portas o mesmo día do Festival de Fin de Curso e despois de que os seus 72 alumnos e alumnas confirmaran as súas matrículas.

Así as cousas, o único claro é a conclusión deste “Informe sobre a escolarización de alumnado de infantil e primaria. Concello de Brión. Curso Escolar 2017/2018”, que asegura que “sería importante buscar solucións consensuadas de toda a comunidade escolar e as distintas administracións”. O tempo dirá.



GRADUACIÓN

Graduación do alumnado de 2º de Bacharelato do IES de Brión



O salón de actos do IES de Brión quedou pequeno para acoller o acto de graduación dos 31 alumnos e alumnas de Segundo de Bacharelato do curso 2016/2017. Un acto no que participaron o alcalde de Brión, José Luís García; a concelleira de Ensino, Yolanda Bouzas; e o director do IES de Brión, José Antonio Caneda, á fronte de todo o profesorado do centro.

José Antonio Caneda entregou un diploma acreditativo da concesión dunha Matrícula de Honra ao alumno Lois Meira López, así como varias Mencións Especiais ao alumnado con excelente expediente académico. Alba Suárez Arufe, como representante do alumnado, bromeou cos presentes dicindo que “segundo de bacharelato non debería ser un curso académico, senón un método de tortura”. Así mesmo, amosouse convencida do potencial desta xeración: “máis co destino, o que conta é o camiño. Dá igual o que fagamos, en tanto cambiemos algo de como estaba. Non somos unha xeración máis, estamos preparados para algo grande e volver aquí para contar o que realmente fixemos”.

Pola súa banda, o alcalde agradeceu o traballo realizado tanto polo profesorado e equipo directivo do IES Brión, como polas familias dos rapaces e rapazas que se gradúan. Finalmente, e ante o nerviosismo dos presentes ante a proximidade das probas de acceso á Universidade, García indicoulles que “a vosa vida non remata dentro de dúas semanas. Ao contrario, ese exame só é o punto de partida para unha nova e ilusionante etapa das vosas vidas. Recibistes unha boa formación neste instituto e estades preparados para afrontar con éxito calquera desafío. Ese exame non é máis ca o primeiro de moitos desafíos que ides afrontar na vosa vida. E superalos é o que se adoita chamar madurar”.

Finalmente, José Antonio Caneda agradeceu a colaboración do Concello e o traballo das familias “que compartistes o paso por este segundo de bacharelato”. Ao alumnado, de quen lembrou que “sodes a primeira promoción LOMCE, e iso non foi unha sorte porque sufristes todos os cambios”, Caneda díxolles que “non vos deixamos o mellor dos mundos, pero podedes ir buscando solucións. E por iso é importante que vos formedes e vos impliqueades en traballar por un mundo máis xusto”.

NOVOS GALARDÓNS

O alumnado do instituto acapara tres premios na III Competición de Robots da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo

Recibiron unhas cámaras dixitais polos seus 1º, 2º e 4º premios na categoría Wall-E, para alumnado de 3 e 4º da ESO



O alumnado de 4º da ESO do IES ven de acadar un novo recoñecemento na III Competición de Robots da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo, celebrada o pasado mes de maio e na que participaron máis de 800 rapaces e rapazas. Unha competición na que os alumnos e alumnas brioneses coparon tres dos catro primeiros premios da súa categoría: a “Wall-E”, de entre un total de 82 competidores de toda Galicia.

De feito, o equipo “Brión 4”, composto por Carla Villar, Ainoa Pérez, Paula Muelas e Verónica Godoy, alzouse co primeiro premio da categoría “Wall-E”, establecida para alumnado de 3º e 4º da ESO. Carla Villar explica que se trata dun “premio moi importante porque había moitos grupos presentes”. Pola súa banda, os equipos “Brión 3” e “Brión 5” acadaron uns meritorios segundo e cuarto postos nunha disputada final. Os rapaces e rapazas, acompañados polos seus mestres Luz Ramos, Xabier Lorenzo e Ana Santos, recibiron cadansúa cámara dixital.

O instituto participou con cinco equipos, tres de 4º da ESO e dous de Bacharelato. Catro destes equipos conseguiron clasificarse para a fase final logo de que os seus robots superaran dúas probas, unha de “rastrexo” e outra de “vareador”.

A III Competición de Robots da Escola de Enxeñería Industrial da Universidade de Vigo é unha proba que pretende achegar o mundo universitario ao alumnado de ESO e Bacharelato para que, dun xeito simple e entretido, se familiaricen co mundo da robótica a través da na montaxe e programación dun robot móbil co que superar as probas da competición.



Altamira, unha centenaria co espírito dunha rapaza

Altamira celebra o seu centenario: 100 números, 101 revistas (xa que o primeiro exemplar foi un número "0"). Trece Consellos de Redacción, máis dun cento de entrevistas tanto a ilustres personalidades do mundo cultural, social e político... como a persoas igual de importantes: veciños/as de Brión que nos contaron as súas vivencias e compartiron connosco a súa sabedoría. En total, 32 anos informando á veciñanza do que pasa en Brión, na

súa contorna e no mundo en xeral, sempre visto dende un punto de vista local. Hoxe quixemos reunir aos catro "pais" desta revista (José Luís García García, Luciano Pena Andrade, Juan Ramón Pais Andrade e Manuel Vidal Cajuso) e á persoa que máis anos leva no Consello de Redacción sen estar na fundación, Alberto Álvarez Escudero, para que nos falen un pouco destes cen anos pasados e doutros tantos por chegar.

- **A quen se lle ocorre a idea de "imos facer unha revista"...**

- **Luís:** non sei tanto se revista pero idea de que había que facer algo tiñámolo moi claro.

- **Mon:** Eu viña de Zas, onde publicabamos "O voceiro", en formato xornal. Ensineillo a José Luís e a Luciano e gustoulles, pero preferiron o formato revista.

- **Luciano:** foi ver a nosa idea materializada. Nós pensabamos que Brión necesitaba ter un voceiro, un medio de comunicación coa xente. Mesmo se chegou a falar dunha emisora de radio que finalmente non foi adiante.

- **Luís:** porque non había edificios nin cartos para montala, por moito que pedimos subvencións. Nese contexto, a revista foi unha forma máis sinxela e igual de eficaz para chegar á xente e contarlle o que pasaba no concello.

- **Mon:** encontrou eco ao momento. Había unha preocupación pola información local e a xente quería saber cousas da súa contorna, temas políticos, culturais...

- **Luciano:** de feito, antes de vir ti coa túa proposta xa fixeramos tres números dun resumo anual onde faciamos un balance do ano.

- **Que lembrades deses "Actividades da corporación", que se editou en 1980, 1981 e 1983?**

- **Manuel:** eran 16 follas, tamaño folio. Moi pequena. E nela había un resumo das actividades de todo o ano.

- **Luciano:** maquetábaa eu e

os debuxos fixéraos Suso de Toro.

- **Manuel:** pero estaba moi ben feito ese folletín.

- **Volvamos á Altamira, quen bautizou a criatura?**

- **Mon:** na primeira reunión estabamos Luciano, Luís, Manuel e eu. Puxéronse moitos nomes sobre a mesa pero non se tomou ningunha decisión. E coincidiu que na segunda sesión chegamos tres co mesmo nome.

- **Manuel:** si, coincidimos Mon, Luciano e mais eu.

- **Mon:** tiña lóxica, pois ademais de ser un nome neutral é o símbolo de Brión.

- **Xa temos o nome, como se organiza ese mítico número 0?**

- **Mon:** tivemos a sorte de ter un alcalde aberto e progresista, interesado en dotar a un concello rural como Brión dos mesmos servizos ca nas grandes cidades. E nos deixou libres. Ademais, Luís tiña un factotum como Luciano.

- **Manuel:** o primeiro foi encargarnos de buscar xente que quixera participar e do que xurdiu o primeiro Consello de Redacción. Xente como José Caramés, como Xosé Freire ou Afrodisio Montero.

- **Mon:** tamén estaba Xacobe Pérez, que se interesara para facer un tema sobre cabalos. Foron moitos os que pasaron pero, trascendentes, trascendentes tamén podemos lembrar a Moisés Lozano, a Dora Mirá ou a María Xosé Moldes, que botaron moito tempo vinculados á revista.

José Luís García:
"nunca se deron consignas políticas coa Altamira. O que se buscaba era ser veraz"

- **Manuel:** o certo é que foi entrando e saíndo xente ao longo de todos estes anos sen que a revista se resentira, salvo cando cambiou o modelo no 2005-2006, que houbo aí un impás.

- **Luciano:** neses anos a revista foi un petardo e houbo que darlle unha volta.

- **Non vaíamos tan adiante, volvamos a esa segunda reunión.**

- **Manuel:** miramos como ía ser o formato, as seccións...

- **Mon:** o primeiro que se dixo é que tiña que haber unha entrevista e que había que misturar a xente ilustre con xente sencilla. E a todos os tratamos por igual.

- **Luciano:** a entrevista foi a sección que se mantivo dende sempre e foi moi importante porque esas persoas aportaron algo. A xente necesitaba saber e tamén ter persoas de referencia.

- **Luís:** foi un gran acerto a idea de entrevistar a xente de aquí e xente de fóra que podía contar algo interesante para Brión. E, co tempo, a xente que saíu nas entrevistas de Altamira sentíronse tamén moi orgullosas de ter saído aquí. É como se a unha modelo lle ofreceran unha portada de Vogue.

- **Mon:** lembro aquela entrevista ao campaneiro de Bastavales.

- **Luciano:** ou a de Beiras ou aquela semblanza de Luís Tobío, a de Alfredo Conde...

- **Mon:** sempre foron entrevistas amables, non recordo ter ningunha protesta na revista.

- **Luciano:** algunha protesta si que houbo, concretamente por unha das "historias de Brión" que se publicaron, pero nada que falando non se amañara.

- **Manuel:** tivemos incluso un

buzón de queixas...

- **Luciano:** pero temos que ser honestos, non é unha revista ao uso. Altamira é o órgano de expresión do Goberno municipal. Non se lle deu voz á oposición porque era o órgano de expresión do Goberno, para ben e para mal.

- **Mon:** pero, como ben dis, Altamira nunca foi un órgano de expresión política, senón dun goberno municipal. Dábase conta do que se estaba facendo.

- **Luciano:** pero tamén é certo que se daba conta de proxectos e houbo algúns que non se fixeron. Publicouse o plano do auditorio, o

Luciano Pena: "a revista foi unha forma de construír unha identidade como veciños e veciñas de Brión"

polígono de Pérros...

- **Mon:** pero que nese momento si que se quixo facer.

- **Luciano:** e a historia sería moi distinta tamén se ese polígono se tivera feito.

- **Luís:** vós mellor ca ninguén sabedes que non se deron nunca consignas políticas coa Altamira e o que se buscaba era ser o máis veraz posible. E penso que un bo exemplo disto foi cando un partido da oposición nos denunciara por sacar a Altamira un mes antes das eleccións. Chegou ao xulgado e o xulgado determinou que non había ningún tipo de propaganda política e que, simplemente, eran as eleccións as que coincidían coa data de saída da revista, e non ao

revés.

- **Luciano:** por iso digo que Altamira era e é o órgano de expresión do Goberno municipal e, a través dela, podemos ver como se construíu este concello en moitos aspectos. Por exemplo, no aspecto económico da xente. Vimos como se foi desfecendo o sector gandeiro nun concello onde chegou a haber 650 explotacións e hoxe non queda nin o 10%.

- **Mon:** pero aí Altamira fixo unha importante labor de concienciación, por exemplo, coa campaña de saneamento do gando, que creou moita inquietude social. Aí a revista fixo moita labor pedagóxica.

- **Manuel:** lembro aquela charla que se dera sobre as consecuencias da entrada no Mercado Común, os cambios na limpeza dos establos... Houbera moita xente.

- **Mon:** e diso saíra unha iniciativa única deste concello, que foi o primeiro que organizou unha expedición para ver como operaban as granxas fóra e trouxo unhas duascenas vacas para renovar a nosa gandeiría.

- **Luís:** non foi doado. Foramos Cambón, o veterinario de Feiraco, un experto en gandeiría e máis eu a Dinamarca a comprar novillas preñadas porque houbo xente que perdeu todas as vacas.

- **Manuel:** certo, algún perdeu o establo enteiro.

- **Luís:** levamos un pau moi gordo pero tamén hai que recoñecer que estabamos no certo e que grazas a que actuamos rápido, puidemos ter máis oportunidades que noutros sitios non tiveron. Pero foi duro, foi moi duro. Aí a revista fixo un traballo moi didáctico.

CONSELLOS DE REDACCIÓN

1º Consello de Redacción da Revista Altamira.

ANO 1985

Director. Juan Ramón Pais Andrade "Mon"

Consello de Redacción.

Manuel Vidal Cajuso

Afrodicio J. Montero Vieites

Xosé Freire Caamaño

Xacobe Pérez Paz

Luciano Pena Andrade

Xosé Caramés Vázquez

ANO 1987

Dtor. Juan R. Pais Andrade

Manuel Vidal Cajuso

Afrodicio J. Montero Vieites

Xosé Freire Caamaño

Xacobe Pérez Paz

Luciano Pena Andrade

Xosé caramés Vázquez

Dora Mirá Pérez

ANO 1988

Dtor. Juan R. Pais Andrade

Manuel Vidal Cajuso

Afrodicio J. Montero Vieites

Xosé Freire Caamaño

Xacobe Pérez Paz

Luciano Pena Andrade

Xosé caramés Vázquez

Dora Mirá Pérez

Mª Xosé Moldes Pose

ANO 1991

Dtor. Juan R. Pais Andrade

Manuel Vidal Cajuso

Luciano Pena Andrade

Mª Xosé Moldes Pose

Alberto Álvarez Escudero

Milagres Dominguez Juan

Xosé R. Vieiro Nogueira

Moisés Lozano Paz

ANO 1992

Dtor. Juan R. Pais Andrade

Manuel Vidal Cajuso

Luciano Pena Andrade

Alberto Álvarez Escudero

Milagres Dominguez Juan

Xosé R. Vieiro Nogueira

Moisés Lozano Paz

Mª Victoria Varela Rodríguez

ANO 1993

Dtor. Juan R. Pais Andrade

Manuel Vidal Cajuso



Luciano Pena Andrade

Alberto Álvarez Escudero

Xosé Ramón Vieiro Nogueira

Moisés Lozano Paz

Mª Victoria Varela Rodríguez



CONSELLOS DE REDACCIÓN

ANO 1997

- Dtor. Juan R. Pais Andrade
Manuel Vidal Cajuso
Luciano Pena Andrade
Alberto Álvarez Escudero
Xosé Ramón Vieiro Nogueira
Moisés Lozano Paz
Mª Victoria Varela Rodríguez
Isabel Gonzalez Cancela

ANO 2000

- Dtor. Juan R. Pais Andrade
Manuel Vidal Cajuso
Luciano Pena Andrade
Alberto Álvarez Escudero
Moisés Lozano Paz
Mª Victoria Varela Rodríguez
Isabel Gonzalez Cancela
Mª Begoña Gomez

ANO 2003

- Dtor. Juan R. Pais Andrade
Manuel Vidal Cajuso
Luciano Pena Andrade
Alberto Álvarez Escudero
Moisés Lozano Paz
Mª Victoria Varela Rodríguez
Isabel Gonzalez Cancela
Mª Begoña Gomez
Sabela Pena García

ANO 2005

- Redacción, Deseño e Maquetación:
Vía Láctea Comunicación.

ANO 2006

- Redacción, Deseño e Maquetación: Local Force

ANO 2007

- Redacción, deseño e maquetación:
Concello de Brión

ANO 2007 ATA

- A ACTUALIDADE
Deseño e maquetación:
Concello de Brión
Redacción: Nós Comunicación.
Consello de Redacción:
Luciano Pena Andrade
Alberto Álvarez Escudero
Mª Victoria Varela Rodríguez
Julio Mallo Nieto

DON LUIS TOBIO CAMPOS: Un poeta da Amahía



Na época da re-creación de algo ben que se fixo, fíxese de feito que se fixo, e sobre todo que se fixo. Na época da re-creación de algo ben que se fixo, fíxese de feito que se fixo, e sobre todo que se fixo.

A cultura, sempre presente

- Mon: axudado a concienciar á xente.
- Luciano: outro exemplo foi o Plan de Urbanismo. Conseguimos que a xente cambiara o chip de "na miña leira fago o que quero" a "teño que respectar unhas normas".

- Que a revista fose escrita integramente en galego foi unha elección dende o principio?

- Luciano: por suposto. Mon propuxera que fora bilingüe pero nós dixemos dende o primeiro momento que en galego. E grazas a iso conseguimos que o noso idioma chegase de forma natural a toda a veciñanza. Algo que se nos recoñeceu hai pouco coa concesión do Premio Lois Peña Novo.

- Mon: e se fixo de forma natural, sen conflitos.

- Luís: nunca os houbo. Xa o dixen cando recollín ese premio en Soutomaior, nunca tivemos unha queixa por escribir a revista en galego. É máis, seguimos enviándoa a moitos lugares do mundo que a siguen pedindo e que non son galego falantes.


- Manuel: daquela se estaba empezando a normativizar, e Luciano se encargaba de revisalo.

- Hai cousas que non cambian... Falástedes antes do caso do saneamento do gando, gustaríame que falarades desa Altamira que reflexaba o que estaba a suceder nese tempo.

- Luciano: non hai dúbida de que a revista foi tamén unha forma de recuperar e poñer en valor a nosa historia e construír unha colectividade, unha identidade como veciños e veciñas de Brión. Conseguimos que a xente se sen-

HISTORIAS E LENDAS

NO OITAVO CENTENARIO DA CATEDRAL Pedro Muñiz Nigromante, arcebispo briónes que consagrou a catedral de Santiago



En 1098, o 8 de maio, Pedro Muñiz Nigromante, arcebispo briónes, consagrou a catedral de Santiago. Este feito marcou o inicio da construción da catedral, que se completou en 1122.

Historias de Brión

tira identificada con esta terra. Recuperamos a historia local e a revista soubo poñer en valor o noso.

- Mon: as historias e lendas.
- Manuel: a xente sempre estaba esperándoas.
- Alberto: e tamén con artigos e reportaxes, achegando datos e opinións. Mesmo penso que en moitas cousas Altamira ía por diante doutros medios de comuni-

José Ramón Pais: "sinto que todo o que aprendín de municipalismo foi facendo esta revista"

nicación. Lembro que falabamos da SIDA cando non era aínda un gran tema ou do maltrato infantil, da guerra... Resulta que cando empezaba a saír na prensa e na televisión, xa se falara diso na Altamira.

- Luís: certo, tocáronse temas de todo tipo, dende a SIDA ata as guerras. Cousas duras e que non gustaban a todo o mundo.

- Porque interesaba falar diso ou porque non había outras cousas das que falar?

- Alberto: porque Altamira é unha revista local pero moi conectada coa actualidade.

- Mon: ademais, o Concello de Brión sempre tivo iniciativas políticas á vangarda de Galicia sobre as que falar. Lembro que Brión tiña máis piscinas públicas ca Santiago, que foi o primeiro en poñer a disposición dos veciños unha

Entrevista



XOSÉ M. BEIRAS TORRADO: O máis destacado lider do nacionalismo galego

Beiras Torrado é un dos líderes máis destacados do nacionalismo galego. Foi deputado do Parlamento de Galicia e fundador do BNG.

Entrevista a Xosé M. Beiras

área recreativa como a de Niñans. Ou cando se enviou unha delegación ao País Vasco e Francia para estudar as explotacións forestais.

- Manuel: ou o irmandamento con Guillena co gallo da Expo 92.
- Mon: na organización dos campamentos municipais tamén fomos pioneiros.

- Manuel: temas sempre había. Nós xuntábamolos e logo mirábamos a quen llo podíamos repartir. Despois viñamos a unha segunda reunión cos traballos e sempre faltaba algo, polo que había que facer unha terceira.

- Luciano: era un traballo de formigas.

- Retomemos ese tema porque neses primeiros números non había ordenadores. Como vos arranaxabades?

- Mon: cando empezamos era algo case artesanal. Máis que maquetar, o que facíamos eran collages. Pero nunca se cortou nada. Era un traballo artesanal pero se tiña que ir en páxina e media, pois en páxina e media.

- Manuel: recordo o traballo que daban os gráficos. Usaba un rotíng e un tiraliñas para facelos e para marcar as liñas de separación, os sombreados...

- Mon: no cuarto número xa chegou o ordenador e todo foi moi fácil, sobre todo á hora de medir os caracteres e así poder adaptar os artigos. Altamira ten o valor tamén de ser das primeiras revistas municipais, só superada pola de Ortigueira. E estamos falando do meu municipio de 7.500 habitantes. Lembro que a primeira revista que filmou fotografía fomos nós, como recurso técnico. Iso si, filmar unha única páxi-

na levaba toda unha noite. Non compensaba. Tardabamos case un mes en tela lista para repartir, coa evolución da tecnoloxía agora está preparada en días.

- **Falemos desa revolución tecnolóxica, chegará un momento no que a Altamira en papel deixe de editarse porque se aposte por outro formato?**

- **Mon:** non creo. Eu teño unha imaxe na mente dun señor paseando unha vaca por un camiño e lendo a revista. Foi entón cando me dixen: “demos coa fórmula”.

- **Luís:** eu tamén penso que seguirá existindo. Eu son de ler os libros en papel, non na tablet. E espero que siga así porque penso que é necesario e que a xente a seguirá lendo. Polo que lle auguro un futuro longo.

- **Manuel:** de momento non lle vexo problema, aínda hai moita xente que ou non ten acceso a Internet ou non ten idade.

- **Luciano:** de feito, agora se pode ver en papel e na Internet. Unha cousa non exclúe á outra.

- **Alberto:** iso é como cando se di que vai desaparecer o libro, pois haberá de todo, pero penso que o libro en papel non vai desaparecer nunca.

- **Mon:** somos unha xeración de papel e seguimos dándolle un valor a ese papel.

- **Luís:** e tanto valor. Lembro que ao pouco de empezar a publicar a revista teño levado moitas sorpresas de xente que me facía comentarios da revista e que demostraban que se leían dende a primeira ata a última liña.

- **Mon:** porque a revista é veraz e a xente a ten como unha fonte fidedigna de datos. Incluso penso que Altamira rematará sendo unha fonte documental de como se desenvolveu o municipalismo democrático, pois reflexa a evolución de todo o que pasou en Brión nestes 32 anos e que, en certo modo, foi o que tamén pasou noutros moitos municipios. E tamén están cousas nas que fomos pioneiros, como ser o primeiro municipio de España que conseguiu o saneamento integral de todas as súas parroquias. Cada ano, unha parroquia.

- **Luciano:** e hoxe aínda hai moitos grandes municipios que

non o teñen feito, pero Brión soterrou os seus presupostos nunhas obras que non se vian. Mentres noutros sitios facían paseos fluviais, en Brión soterrabamos os cartos.

- **Mon:** lembrades que tamén fomos os primeiros en poñer en marcha un servizo de recollida de lixo? Non había nin empresas, nin maquinaria nin nada, pero en Brión se habilitaron uns bidóns polas aldeas.

- **Manuel:** eran bidóns de aceite deses de 200 litros.

- **Mon:** e poñíanse en cada cruce. Despois contratouse a dúas persoas e un camión descuberto para a recollida. Diso chegamos ao servizo moderno actual.

- **Luciano:** e despois chegou a Planta de Tratamento de Lixo da Mancomunidade Serra do

Barbanza, onde Brión foi o principal protagonista aínda que había concellos de máis poboación. E díxeno entón e seguirei dicíndoo agora, o que fixo a Xunta coa planta de Servia foi unha auténtica traizón.

- **Mon:** porque Brión apostaba pola reciclaxe e era o líder dese proxecto porque era o que tiña máis experiencia na recollida do lixo, aínda que fose dese xeito tan artesanal. E todo iso quedou recollido na revista. Eu sinto que todo

o que aprendín de municipalismo foi facendo esta revista.

- **Luciano:** e falando de municipalismo, lembras cando se creou aquela Federación de Concellos Rurais na que estaban a maior parte dos concellos de Galicia? Lástima que durara pouco.

- **Mon:** por non falar da brigada de obras, que supoñía poder facer un 30% máis cos mesmos cartos.

- **Luciano:** incluso máis.

- **Volvemos a dispersarnos do tema. Díciá Luciano que nos primeiros números contouse coa colaboración de Suso de Toro, se repasamos estas 101 revistas, que poderemos atopar?**

- **Alberto:** o de Suso de Toro foi nos inicios, nos anuarios.

- **Luciano:** cando estaba na escola de Negreira.

- **Alberto:** nas entrevistas atoparás moitas personalidades pero nos textos non, Altamira era unha obra colectiva e non se firmaba.

- **Luciano:** foi unha política dende o principio, pódese escribir pero todo sen firma.

- **Luís:** sempre se tratou de que fose algo libre. Calquera persoa que teña algo que dicir pode ter cabida na revista.

Manuel Vidal: “o certo é que foi entrando e saíndo xente ao longo dos anos sen que a revista se resentira”

Alberto Álvarez: “en moitas cousas, Altamira ía por diante doutros medios de comunicación”



- **Mon:** Luís deixounos as mans libres. Aínda que teño que dicir que o espírito moderador, o que vertebrou sempre a revista foi Luciano. Eu figuro como director da revista, pero el era o auténtico coordinador.

- **E aínda o segue a ser.**

- **Mon:** Luciano era quen ía tomando o pulso a todo. Os demais tiñamos as nosas áreas e actuabamos libremente, pois Altamira era unha publicación coral. E cando nos dispersabamos, xa estaba Luciano para levarnos ao rego.

- **Estando ante os catro fundadores da revista e a persoa que máis anos leva no Consello de Redacción despois deles, a pregunta é obrigada. Que botades en falta na Altamira actual?**

- **Luciano:** penso que agora hai quizais demasiadas noticias e debería levar máis temas de fondo. Recuperar un pouco o espírito que había ao principio.

- **Alberto:** daquela o que se escribía tiña máis actualidade e como que se usaba unha linguaxe máis cercana, máis cálida. Agora parece máis distante.

- **Mon:** porque é máis xornalístico, máis profesional.

- **Alberto:** e tamén antes se agardaban con moitas máis gañas. Non digo que agora non, pero antes o agardaban porque era como se enteraban do que pasaba.

- **Manuel:** pero iso é porque antes non se tiña acceso a esa información. Agora quen ten ordenador xa pode ver esas cousas.

- **Alberto:** e quizais tamén nos falte algún artigo de opinión.



OBRADOIROS DE PINTURA DE BRIÓN
**Máis de dúas
 décadas creando
 novos artistas**

Vivimos nunha sociedade na que cando un acontecemento, por extraordinario que sexa, se repite no tempo, fai que automaticamente o infravalorem. É o que nos medios de comunicación chaman “non ser un feito noticioso”, pero xa nos pasaba de nenos cando deixabamos de lado os xogueteiros vellos ante os novos. E iso pásanos ás veces con actividades que, como a exposición de obras do alumnado dos obradoiros municipais de pintura, se repiten ano tras ano: que no canto de valorar o esforzo e o traballo que hai detrás desas obras, non lles damos a importancia e o valor que realmente teñen.

Diso sabe moito Aurora García, que xa leva máis de 22 anos á fronte destes obradoiros, de onde constata que saíu algún que outro estudante de Belas Artes. Se cando comezou nisto tiña que andar dando clases por pequenos locais parroquiais, teleclubes e escolas unitarias, agora os seus pinceis e pinturas ocupan un dos recunchos máis agochados do centro social polivalente onde, coa complicidade

do seu alumnado, se dedica a ensinar arte. E en tan só dúas horas semanais, o que aínda ten máis artes.

Altamira achegouse ata aló coincidindo coa última clase da temporada e a desmontaxe da extraordinaria exposición de fin de curso dos pequenos, de ata 12 anos de idade. “Traballamos con material reciclado. Nos organizamos por temas e de acordo á idade do artista, pero despois facemos paisaxes, retratos, abstracto...”, explica García. Uns traballos cos que sorprenden aos participantes nos “Encontros coa arte”, que días despois compartiron pinceis con algúns destes prometedores artistas. Dúas delas mesmo gañaron o I Concurso de Debuxo dos Encontros, demostrando que o traballo destes 8 meses dá os seus froitos.

Uns cursos que non son só para nenos/as, que en outubro volverán a reunirse para preparar a exposición de xullo de 2018 todos os martes (de 17:00 a 18:00 h.) e xoves (de 17:00 a 18:00 e de 18:00 a 17:00 h), senón tamén para



Os participantes nos “Encontros coa arte” disfrutaron coas obras dos pequenos artistas brioneses



Dúas das alumnas deste curso 2016/2017 gañaron o Concurso de Debuxo dos “Encontros coa arte”

adultos: xoves (de 19:00 a 21:00 h.) e venres (de 10:00 a 12:00 h). Se podes dispoñer dun par de horas á semana,

non o dubides e vén a emular a Frida Kahlo ou a Van Gogh. Pero avisamos: quen proba, repite!.

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL

A música, gran protagonista das últimas actividades do curso 2016/17

A finais do pasado mes de xuño tivo lugar a gran Festa de Fin de Curso, na que pais, nais, avós, avoas e demais familia se achegaron ata a gardería para celebrar o fin das clases. A afluencia foi tal, e do calor preferimos non lembrarnos, que no canto de facer unha celebración conxunta coma en edicións anteriores, desta vez preferiuse buscar a sombra nos distintos patios e espazos abertos da gardería.

Os nenos e nenas pasaron en grande entre lambonadas, refrescos e música. Iso si, amosando tamén a última das creatividade do curso: unhas camisetas deseñadas por cada unha das clases, a cal máis divertida.

Pero cando se trata de música, nada como botar man das familias dos pequenos. A súa desinteresada colaboración permitiu celebrar un ano máis a Semana da Música, na que desfrutaron de ata tres actuacións musicais protagonizadas por músicos profesionais ou afeccionados.

Abriron o camiño Jessica Beiroa e Elena Fernández, que un día despois foron emulados polo grupo Briame, composto por Patricia Vázquez, Montse Mansilla, Raquel Nieto, Ángeles García e Juan Montero, que ofreceron unha selección de cancións tradicionais e infantís. A Semana da Música rematou co Grupo L4miño, que repetiu experiencia un ano máis. Fran Rei, Carlos Uriarte, Félix Rodríguez e Gerardo Otero fixeron bo o obxectivo desta iniciativa: facer que os cativos se inicien no gusto á boa música.



PELUQUERÍA ELBA unisex

ATENCIÓN A DOMICILIO CON CITA PREVIA

Praza do Concello, Nº 2 - Baixo C - Pedrouzos - Brión
 Tl. Móbil 630 547 480 - Tlf. Fixo 981 572 199



Os maiores pasean en barco polas Rías Baixas

Uns douscentos veciños e veciñas de Brión participaron na tradicional excursión que organiza o Concello e que tivo lugar o 20 de maio e na que visitaron as localidades de Pontevedra, Combarro, O Grove, Illa da Toxa e Cambados. Ademais, tamén gozaron dun paseo en barco pola ría dende Combarro á illa de Taibo, con visita ás bateas de mexillón. Para repoñer forzas, o xantar tivo lugar no restaurante do Hotel Nuevo Astur (Vilalonga-Sanxenxo) onde, como non podía ser doutro tivo lugar un longo baile de sobremesa. E xa sabedes, a próxima cita será o domingo 3 de setembro, coa tradicional Festa dos Vello.



Festa de fin de curso

Os alumnos e alumnas dos obradoiros de ximnasia, memoria, piscina, manualidades, informática e teatro celebraron o pasado 3 de xuño unha festa para celebrar o fin do curso. Desfrutaron dun xantar con música en directo e baile. Un programa complementado por parte do alumnado, que realizou unha exhibición de ximnasia e baile ante os presentes. Estiveron acompañados polo alcalde e a concelleira de Asuntos Sociais, Rosa Romero, así como por gran parte do persoal do departamento de Servizos Sociais e os monitores cos que traballan. Gozade destes días de verán coa familia e recargade as pilas, que no outono retomamos actividades.

Seguros JURSECOM

Seguros para particulares e empresas

- | | | |
|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| ✓ Autos e motos | ✓ Defensa xurídica | ✓ Fogar |
| ✓ Furgóns e camións | ✓ Enfermidade e subsidio | ✓ Comunidades |
| ✓ Comercios e oficinas | ✓ Saúde | ✓ Accidentes individuais |
| ✓ PEMES | ✓ Vida | ✓ Asistencia en viaxe |
| ✓ Responsabilidade civil | ✓ Penións | ✓ Xubilación |
| ✓ Accidentes convenio | ✓ Decesos | ✓ Aforro e inversión |

M. 608 65 71 85

T. 981 88 71 17

seguros@segurosjursec.com

Os Ánxeles · Avda. de Noia, 56 baixo · 15280 Brión

JURSECOM GALAICA, S.L. | Auxiliar externo de seguros | Correduría Ramos Fraga | Lic. adm. GX-076



Nenos do CEIP de Pedrouzos e das unitarias homenaxearon a Casares



A Festa das Letras na Carballeira reuniu a máis de 500 nenos e nenas



Celtia Figueiras trouxo os seus "Contos de Verán" á sala de exposicións



Antón Riveiro Coello impartiu unha charla no IES sobre Carlos Casares



RESUMO DE ACTIVIDADES

Brión respira

Cultura, cultura e máis cultura. Así adoitan ser os segundos trimestres do ano en Brión. Non é que nos outros tres non haxa actividades, que habelas hailas, pero non chega á esaxeración que acontece entre maio e xuño. Algo do que son especialmente responsable dous dos programas máis senlleiros: a Feira do Libro e os Encontros coa Arte.

Así, a XXVII Feira do Libro programou este ano un to-

tal de doce actividades para conmemorar o mes das Letras Galegas 2017, case a unha por cada dous días e todas elas dedicadas á figura do escritor Carlos Casares. Representacións tetrais, recitais de poesía, proxección de documentais, actuacións de música, maxia, charlas coloquio... dirixidas tanto ao público en xeral (como as actuacións de Andaravía Teatro, o contacontos de Celtia Figueiras ou unha nova e exitosa edición da Noite en



Andaravía Teatro representou "Maniféstate"

ira cultura



Exposición dos "X Encontros coa arte: lembrando a Manuel Marfá"



Sesión de pintura ao natural dos "Encontros coa Arte"

Branco da ESMU Magariños) como aos preto de setecentos escolares do municipio. Un programa culminado un ano máis con ese gran espectáculo que é a "Festa das Letras na Carballeira", onde os nosos nenos e nenas cada vez nos sorprenden máis.

E con xuño chegou unha nova edición dos "Encontros coa Arte", este ano dedicados tamén á figura do escritor ourensán homenaxeado no Día

das Letras Galegas. Brión volveu ser ese punto de encontro para as artes plásticas de Galicia, un lugar onde compartir vivencias e experiencias cos compañeiros e, este ano máis ca nunca, coa veciñanza. Porque a gran novidade deste ano foi o Concurso de Debuxo, que permitiu que os nosos máis pequenos compartiran pinceis e lenzos por unhas horas con ilustres mestres. Porque ver cultura está ben, pero vivila e respirala é aínda mellor.



Clausura das escolas de Música e Danza Tradicionais de Brión



O Coro Diapasón ofrece un entretido concerto no polivalente



Teatro da Semente achegou "Chíos" aos máis pequenos do municipio

SENDEIRISMO

A Andaina Terras de Altamira confírmase como unha das máis concorridas de Galicia con 350 participantes

O alcalde de Brión, José Luís García, foi o encargado de dar a saída á terceira edición

Da suspensión ao cheo absoluto en apenas 365 días. Despois dun ano de parón por problemas de liquidez e de medios, a terceira edición da Andaina Terras de Altamira foi un éxito absoluto pois da Carballeira de Santa Minia tomaron a saída os 350 participantes inscritos nesta proba, organizada pola Asociación O Esquio no Piñeiro e á cuxa organización se sumou este ano o Concello de Brión.

Unha proba que conta tamén coa colaboración da Piscina Cuberta Municipal de Brión, da Federación Galega de Montañismo e do Club de Piragüismo Ribeiras do Tambre.

50 quilómetros

O alcalde de Brión, José Luís García, e o concelleiro de Deportes, Xesús Quintela, foron os encargados de dar a saída da proba dende a carballeira, que foi o eixo central da Andaina pois dende ela partiron as tres probas que a compoñían ata sumar un total de 50 quilómetros.

Dende o pistoletazo de saída se formaron dous grupos.

Un primeiro reducido con atletas que afrontaron a proba coma unha carreira campo a través e un segundo moito máis numeroso, composto por máis de trescentas persoas, que foi a ritmo de camiñata e repartidos en grupos de amigos e amigas. Ambos grupos estiveron acompañados por membros da organización en bicicleta e por axentes da Garda Civil, que se encargaron de asegurar o paso dos sendeiristas polas estradas que tiñen que cruzar.

Tras o primeiro anel de catorce quilómetros, chegou o tramo máis complicado da xornada: 22 quilómetros polos montes de Brión, un sobre esforzo compensado pola contemplación de contornas naturais de gran beleza como as beiras do río Tambre e lugares emblemáticos como as Torres de Altamira que dan nome á proba. A auga tamén foi protagonista do terceiro e derradeiro anel, de catorce quilómetros, que transcorreu polas parroquias de Os Ánxeles e Bastavales seguindo en gran parte do percorrido o cauce do río Sar.

Éxito da convocatoria

O director da III Andaina Terras de Altamira, José Manuel Trigo, explica que “despois dun ano de parón é unha satisfacción ver que non só cubrimos as 350 prazas senón que tiñamos ata máis demanda. Cando decidimos apostar por incluír a andaina dentro da Copa Galega de Andainas de 50 kms promovida pola Federación Galega de Montañismo non pensabamos que no primeiro ano íamos converternos nunha das que máis participantes ten de toda Galicia”.

Neste sentido, José Manuel Trigo apunta que “andainas con máis tradición na nosa contorna tiveron entre 135 e 200 participantes. En Brión contamos con 350 e poderíamos ter chegado aos 400 sen problemas, pois tivemos que pechar as inscricións con moitos días de antelación. Agora só queda que o percorrido lles gustara aos

sendeiristas, que volvan para o ano que vén e que a Andaina Terras de Altamira sexa recoñecida por todos e todas como a mellor de Galicia”.

A isto contribuirá sen dúbida o orixinal set do sendeirista que recibiron canda o dorsal todos e cada un dos participantes e que constaba de camiseta, mochila, cantimplora e braga de cuello cun deseño especial realizado especialmente para a andaina polo artista Xosé Vizoso, deseñador de Sagardelos e recoñecido ilustrador e cartelista galego.

A III Andaina Terras de Altamira estivo organizada pola Asociación O Esquio no Piñeiro e o Concello de Brión, que contan coa colaboración da Piscina Cuberta Municipal de Brión, da Federación Galega de Montañismo e do Club de Piragüismo Ribeiras do Tambre.



Momento da saída da proba con unha Carballeira de Santa Minia ateigada polos 350 participantes desta edición.



Os primeiros participantes en chegar a fervenza do Pozo Negro en Ons tiveron tempo de sacar algunha fotografía.

ACADEMIA GALEGA DE TEATRO



De pe e de esquerda a dereita: Manuel Guede, Paco Oti, Anxela G. Abalo, Luma Gómez, Eduardo Alonso, Gustavo Pernas, Xosé Manuel Rabón, Antonio F. Simón, Miguel Pernas e Xulio Lago. Agachados: Manuel Areoso, María Barcala e Inma Antón Souto

Brión acolle o primeiro paso de cara a constitución dunha Academia Galega do Teatro

O pasado 8 de xullo tivo lugar un deses acontecementos que adoitan pasar desapercibidos cando acontecen, deses que apenas coñecen unha ducia de persoas pero que, cando os historiadores botan a vista atrás, conclúen: aí comezou todo. Unha significativa representación de profesionais do teatro galego escolleu Brión para reunirse e iniciar un proceso de diálogo que ten como obxectivo final a

constitución dunha Academia Galega do Teatro.

E se falamos de teatro, nada mellor que reunirse ao pé do busto dunha das maiores figuras do teatro contemporáneo galego como era o noso ilustre veciño Roberto Vidal Bolaño. Canda a súa figura posaron personalidades coma Manuel Guede, Paco Oti, Anxela G. Abalo, Luma Gómez, Eduardo Alonso, Gus-

tavo Pernas, Xosé Manuel Rabón, Antonio F. Simón, Miguel Pernas, Xulio Lago, Manuel Areoso, María Barcala e Inma Antón Souto. Todos eles quixeron aproveitar esa visita a Brión para lembrar en sentida homenaxe a alguén que merecía estar tamén entre eles. E así o quixeron simbolizar, fotografándose ao pé do busto que o recorda, e lembrando os intensos momentos compartidos con Vidal Bolaño na

fundación e consolidación do teatro profesional galego.

Nin que dicir ten que o Concello de Brión séntese recoñecido por formar parte deste momento fundador desa futura Academia do Teatro, que agardamos que sirva, tal e como lle aquelaría a Roberto Vidal Bolaño, para avanzar e mellorar as estruturas que conforman o sistema teatral galego.



Catro brionesas, na 2ª fase do "Quero cantar" da Deputación

"As estrelas do rock", un grupo de música composto por catro nenas do noso municipio, é unha das bandas que conseguiron pasar á 2ª fase do concurso musical infantil e xuvenil "Quero Cantar", que convoca a Deputación da Coruña. Marta Freijeiro, Aída Fernández, Sabela Otero e Raquel Barreiro demostraron a súa valía a un xurado profesional presidido pola vicepresidenta provincial, Goretti Sanmartín Rei, e composto por Xiana Lastra, Sonia Lebedybski, Manuel Maseda, Andrea Porto e Paula Romero. O seu tema "Tolemia animal", que podes desfrutar en YouTube, afronta agora unha segunda fase cun xurado composto por público infantil das Escolas de Música da provincia. De aí sairán os finalistas que actuarán na Final que terá lugar no outono no Teatro Colón da Coruña. Sorte rapazas!

O Bastavales, brillante finalista da Copa do Sar



A fortuna viroulle a cara aos xogadores do Bastavales UD no peor momento da temporada: cando disputaban a final da 50 edición da Copa do Sar, a segunda final que xogaba o club brionés na súa historia. Despois de adiantarse no marcador do campo municipal de Santa Isabel, a SD Piloño conseguía o empate a tan só 4 minutos do final. Na prórroga, o trofeo marchou definitivamente para Vila de Cruces. A pesar de todo, o Bastavales UD completa unha gran campaña na que conseguiu o ascenso a 1ª Galicia, senón que só se sobraron 4 minutos para facer un histórico dobrete. Haberá que facerlle caso ao refraneiro popular porque, xa se sabe, á terceira vai a vencia.

CERTAME LITERARIO

Daniel Souto e Manuel Xiráldez gañan o 1º premio do Certame Literario de Ames



Os brioneses Daniel Souto e Manuel Xiráldez gañaron os primeiros premios das súas respectivas categorías no XIV Certame Literario de narrativa e poesía convocado polo veciño Concello de Ames.

Un certame que reuniu ata 129 traballos procedentes de toda Galicia e mesmo de outras localidades do resto de España, 69 na modalidade de poesía e 60 en narrativa. O xurado, composto polo escritor Manuel Portas, o poeta Ismael Ramos e a profesora Dolores Vilavedra elixiu a Daniel Souto, coa súa obra “Vía libre”, como o gañador na modalidade de narrativa (categoría de ata 13 anos).

Na modalidade de poesía, na categoría de 14 a 17 anos, o 1º premio foi para Manuel Xiráldez, coa obra “De amor en vela”.

BRIÓN VERÁN 2017

Cincuenta nenos e nenas participarán nun campamento infantil nas illas Ons

Cincuenta nenos e nenas, de idades comprendidas entre os 7 e os 14 anos, participarán do 18 ao 29 de agosto nun campamento infantil na Illa de Ons, que porá o broche de ouro ao programa Brión Verán 2017, posto en marcha polo Concello para ofrecerlles ás familias unha oferta atractiva de conciliación, coincidindo coas vacacións escolares. Un programa que incluíu ata catro actividades: o mencionado campamento en Ons, un campamento xuvenil en Padrón, acampadas de verán e os tradicionais cursos de natación, que se desenvolveron ao longo deste mes de xullo.

Especialmente significativo é a volta das acampadas de fin de semana, despois do éxito acadado o ano pasado. Á hora de pechar a edición deste número 100 de Altamira aínda quedaban dúas por realizárense: unha para familias con nenos/as de 3 a 5 anos, na fin de semana do 29 e o 30 de xullo; e outra acampada xuvenil para rapaces e rapazas de 10 a 14 anos, para o 2 e 3 de setembro. Ambas terán lugar na área de piragüismo de Ons e os prezos por participante serán de 10 euros, que se reducen a 5 euros no caso do segundo irmán/irmá e gratuíto para os seguintes. Máis información na Casa da Cultura (981 509 908).

CURSO 17/18

As actividades deportivas e culturais 2017-2018 darán comezo o 2 de outubro

O prazo de presentación de novas solicitudes abrirase do 21 de agosto ao 15 de setembro na Casa da Cultura



Inglés, iniciación á pintura, baile galego, gaita e percusión, pandeireta, baloncesto, fútbol sala, fútbol sete, iniciación ao hockey, ioga, iudo, patinaxe, predeporte, tenis e ximnasia rítmica. Esta é a proposta de actividades culturais e deportivas do Concello de Brión para o curso 2017 e 2018, que dará comezo o próximo 2 de outubro.

Unha vez finalizado o tempo para renovar inscricións, do 21 de agosto ao 15 de setembro abrirase o prazo para novas solicitudes. Unhas anotacións que deberán realizarse en persoa (non por teléfono) no Departamento de Cultura e Deportes, emprazado na Casa da Cultura, en horario de 9 a 14:00 horas. As posibles baixas deberán comunicarse por escrito antes da emisión dos recibos das cotas, é dicir, antes do 15 de outubro e do 1 de febreiro.

Os prezos mantéñense nos 80 euros por curso e ano en todas as propostas, coas excepcións dos obradoiros de inglés (150 euros) e a escola deportiva de ioga (120 euros). Ademais, o Concello de Brión mantén as bonificacións nas cotas de anos anteriores: os que se anoten en máis dunha actividade terán un desconto do 50%. Ademais, as familias con dous fillos e as consideradas numerosas terán dereito a unha bonificación do 50% no segundo fillo e do 100% nos seguintes. Iso si, no caso de que ese segundo fillo se anote nunha segunda actividade, non se lle aplicará a bonificación do 50% por segunda actividade. Máis información na Casa da Cultura: 981 509 908).

Así mesmo, compre lembrar tamén que a Escola Municipal de Música Magariños de Brión ten aberto ata o 21 de xullo o prazo de matrícula para o curso 2017-2018, que dará comezo o vindeiro 15 de setembro. A matrícula pode formalizarse na propia Escola de luns a venres, en horario de 10:00 a 13:00 horas, e os martes de 16 a 19 horas. Máis información no 981 509 903.

Cando Os Ánxeles se chamaba Pérros



▲ **“IGLESIA DOS ÁNXELES BRIÓN”**
de Enrique Ochotorena, pintor vasco que asiste aos encontros coa arte que se celebran anualmente no noso concello

O territorio do noso concello de Brión, a Amaía toda, estivo poboado -humanizado- dende tempos moi remotos, e boa parte dos nomes que levan hoxe os lugares e parroquias mantéñense case invariables dende as orixes. De feito, a “toponimia” é unha das fontes importantes para investigar a historia. A dicir dos investigadores, nomes como Brión, Luaña, Ons, Alqueidón, Pérros, etc. terían orixe celta ou anterior.

Non é o caso da parroquia dos Ánxeles, que leva este nome só dende hai pouco máis de 400 anos. O amigo e investigador Xosé María Lema enviame un seu artigo publicado en La Voz de Galicia o 23.03.2017 (“Un inesperado engadido onomástico”), xunto con outro do profesor da Universidade de Vigo Antón Palacios titulado “Malos, Perros e Cas, topónimos interditos”, que trato de resumir.

A parroquia máis poboada do noso Concello chamouse ata o derradeiro cuarto do século XVI Santa María de Pérros, cando foi cambiada a súa denominación pola actual de Santa María de los Ángeles, que posteriormente o pobo galeguizaría en Os Ánxeles, que é a denominación oficial actual. Entenden os citados autores que o cambio toponímico obedeceu a motivos estéticos. Digo eu que moito terían que ver os novos aires políticos centralistas: era a época de imposición do idioma castelán en todo o Estado Español e resultaba malsoante chamarlle “perro” a unha freguesía.

Hai en Galicia catro parroquias que mudaron pola mesma época os seus nomes primitivos polo de “Os Ánxeles”. Unha, na diocese de Lugo: Santa María dos Ánxeles (concello de Melide), que antes se chamaba Santa María de Malos e aparece coa nova denominación dende o ano 1573. Da diocese de Santiago de Compostela son: a nosa de Brión e outra no concello de Boimorto, que aparecen ambas como Santa María dos Ánxeles dende 1574 e ata esa data eran “Santa María de Pérros”; e a de San Mamede dos Anxeles, no Concello de Oroso, que foi probablemente “San Mamede de Cans”, e figura mudada dende 1579.

En cadansúa das parroquias citadas segue existindo unha aldea coa denominación primitiva, “Pérros”, no caso de Boimorto e Brión, “Malos” no de Melide e “Cas” no de Oroso. Hai outros lugares en Galicia que levan suposto nome de cánidos: “Pérros” en Sarria, Muras, Rodeiro e Gundín; e “Cans” no Porriño, onde se celebra o afamado festival de cine parodiando o francés de Cannes.

O feito de que o troco do nome lle afectase ás parroquias e non aos lugares, indica que debeu ser iniciativa dos bispos, pois era onde eles tiñan competencia, e a toponimia menor caía fóra das atribucións da Igrexa. A coincidencia das datas semella indicar influencia do concilio de Trento, que rematara na década anterior. Como se sabe, este concilio significou un fito moi importante para a renovación da doutrina e a disciplina da Igrexa católica fronte ao protestantismo. Non mandou revisar a toponimia, pero deu ordes precisas de impulsar a veneración e o culto á Virxe e aos santos. O caso que nos ocupa coincide co pontificado de dous bispos que xogaran un papel moi activo no Concilio de Trento: Fernando Velosillo, en Lugo (1567 – 1587), e Gaspar de Zúñiga y Avellaneda en Santiago de Compostela (1558 – 1569). Neste caso de Santiago ben puido ser Francisco Blanco (1574 – 1581), que tamén fora conciliar en Trento, segundo consta nun documento que cita Clodio González na Historia de Brión (páxina 180): “Antiguamente llamaban Santa María de Perros a esta feligresía y el arzobispo don Francisco Blanco le mudó el nonbre y mandó llamar Santa María de los Angeles”.

Mal sabía quen lles mudou o nome a estas parroquias que a súa denominación primitiva non tiña nada de ofensivo, feo ou discriminatorio para os seus respectivos habitantes. No caso de Brión, o topónimo “Pérros” non ten nada que ver coa denominación castelán do mellor amigo do home. “Pérros” suponse relacionado con outros topónimos existentes en Galicia: Parra, Perrá, Perrelo, Perrol, Perrón..., palabra prerromana que indicaría marco de pedra para delimitar xurisdicións; ou tamén derivado do onomástico latino Petrus, o celta Perrus (en ambos casos, equivalente a Pedro) ou o grego Pirros, que fai referencia á color vermella de lume ou persoa de pelo roxo.

Perdemos o nome de “Pérros” na parroquia, pero conservámolo na aldea máis meridional da freguesía. Nós escribímola “Pérros”, con acento gráfico (acento diacrítico) para expresar que ese “e” se pronuncia aberto e que se distinga ben do “perro” castelán.

Xa redactado este artigo, o amigo Xosé M^a Lema advírteme sobre Pérros que “o máis probable é que sexa un topónimo celta, quizais relacionado con “pedra de cor vermella”..., pois no norte da Bretaña francesa existe a vila e concello de Perros-Guirec (en bretón Perroz-Gireg) (<https://en.wikipedia.org/wiki/Perros-Guirec>), na moi turística Côte du Granit Rose (‘Costa do Granito Rosado, Avermellado’), caracterizado por esas pedras avermelladas que tamén temos en Galicia en Traba, O Pindo ou no Porriño (https://fr.wikipedia.org/wiki/C%C3%B4te_de_granit_rose)... Non sobra ver a ligazón co mundo celta (ou das fisterras atlánticas) e tamén serve para enorgullecerse do topónimo”.

Pois, ben falado, profesor Lema. E grazas.



CAMPAÑA DE SENDEIRISMO 2017

A última ruta deste ano foi pola península de O Grove.

Un grupo de medio cento de veciños de Brión percorreron 22 quilómetros entre a Capela de A Lanzada e a vila de O Grove. Esta foi a quinta e última saída das rutas de sendeirismo que organiza ano a ano o Concello de Brión.

Ademais de O Grove, a edición desta tempada incluíu saídas a Rianxo, Allariz, Carballeda de Avia e Serra de Outes.

TEATRO DA SEMENTE: CHÍOS

O pasado mércores 31 de maio representábase a obra “Chíos” da compañía Teatro da Semente para os nenos e nenas da Escola Infantil Municipal.

Na obra, dúas nenas xogan nun xardín de madeira onde todo é un bosque de sons e sensacións. Dous paxaros pequeniños pían para descubrir o mundo a través do xogo e das cancións. Con este espectáculo os pequenos e pequenas da Escola Infantil Municipal descubriron o mundo a través dos sentidos, transformaron obxectos, desfrutaron coa música e as palabras e exaltaron a importancia do lúdico e do contacto coa natureza, tan olvidada en estos tempos de xogo de interior e máquinas xordas.



A GALIÑA AZUL DE FRAN REI

O cómico Fran Rei presentou en Brión A Galiña Azul, un espectáculo creado a partir da popular obra infantil de Carlos Casares (Letras Galegas 2017), publicada en 1968, despois de gañar o primeiro premio do Concurso Nacional de Contos Infantís O Facho.

A obra, que se representou con grande éxito no centro social polivalente, foi o día 15 de marzo ante as miradas dos rapaces e rapazas que ateigaron o salón de actos.

EXPOSICIÓN DE MANUEL AYASO

O artista plástico ribeirense Manuel Ayaso inaugurou na Sala de Exposicións Municipal de Brión a mostra “Añoranza de Aguiño”, unha retrospectiva da obra realizada por este recoñecido pintor entre os anos 2000 e 2010.

O acto, que se celebrou o venres 7 de abril ás 20:30 h., serviu de punto de partida dunha exposición que permaneceu aberta ao público ata o 5 de maio. Unha oportunidade única para coñecer de primeira man a obra dun veterano artista que atesoura unha longa carreira profesional chea de éxitos e recoñecemento internacional.



PASATEMPOS



SUDOKU FACIL

		7			8	6	4	
	6		5		4			
			3	6		7		
4								
	8	1		4	7	5	2	6
	9	5	6			3	8	
		2			5	8		7
8			4					
	5		7	8	2			

SUDOKU DIFICIL

						4			3	
		3	9	6				2	5	4
4	2				5				8	
2	4			3				9		5
									6	
						9	2		3	
			8			6				
9				1				5	2	
							9	6	4	

UN POUCO DE HUMOR...





A REVISTA ALTAMIRA
NO TEU MOBIL

Altamira

31
anos



A NOITE EN BRANCO DA MAGARIÑOS

O pasado 19 de maio celebrouse unha nova edición de “A Noite en Branco” da Escola de Musica Municipal Magariños. Esta iniciativa consta de 5 microconcertos totalmente gratuitos e abertos á cidadanía. Un espectáculo no que participou o alumnado da Escola Municipal de Música Magariños de Brión, que este ano contou coa Banda de Música Municipal de Brión como convidados.

A “Noite en Branco” consta de actuacións duns vinte minutos nas que se interpretan pezas clásicas e modernas, que van acelerando o seu ritmo segundo vai avanzando a noite e se vai cambiando de escenario, todas elas na contorna de Pedrouzos e coa Carballeira de Santa Minia como eixo central. Así, os concertos comezaron ás 22:00 horas na Aula 2 da ESMU Magariños co concerto “Lento”; seguido ás 22:30 horas polo concerto “Adagio” na Biblioteca Municipal. Ás 23:00 horas chegou o concerto “Moderato”, que tivo lugar na sala de exposicións da Casa da Cultura, dende onde se trasladaron ata o salón de plenos (foto), onde ás 23:30 horas se celebrou o concerto “Allegro”. A “Noite en Branco da Magariños” pechouse á medianoite co concerto “Presstisimo”, no salón de actos do Centro Social Polivalente.

Concello de Brión

Praza do Concello, Nº 1
15865 - Pedrouzos - Brión
Telf.: 981 88 70 06 Fax: 981 88 74 31
mail: concello@concellodebrion.org
web: www.concellodebrion.gal